

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 19 de novembro de 2003 pola que se autoriza o cambio de denominación do Instituto de Educación Secundaria número 3 de Arteixo (A Coruña).*

Tendo en conta o artigo 3.1º do anexo do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, (DOG do 9 de agosto de 1996), así como os correspondentes informes, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, esta consellería,

### DISPÓN:

Autoriza-lo cambio de denominación do centro que no anexo se relaciona.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2003.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

### ANEXO

Provincia: A Coruña.

Concello: Arteixo.

Localidade: Arteixo.

Código do centro: 15032145.

Denominación: Instituto de Educación Secundaria nº 3.

Nova denominación: Instituto de Educación Secundaria de Pastoriza.

*Orde do 21 de novembro de 2003 pola que se amplía a Orde do 25 de agosto de 2003 pola que se dictan instrucións para a aplicación na educación secundaria obrigatoria do establecido na disposición adicional primeira do Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.*

O Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación (BOE do 28 de decembro), e a orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte 1923/2003, do 8 de xullo, pola que se establecen os elementos básicos dos documentos de avaliación, das ensinanzas escolares de réxime xeral reguladas pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garanti-la mobilidade dos alumnos (BOE do 11 de xullo), determinan que algúns aspectos dos que conformarán a nova ordenación do sis-

tema educativo serán de aplicación no actual ano académico 2003-2004.

A Orde do 25 de agosto de 2003 pola que se dictan instrucións para a aplicación na educación secundaria obrigatoria do establecido na disposición adicional primeira do Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación (DOG do 15 de setembro), desenvolve eses preceptos na nosa Comunidade Autónoma, establecendo as correspondentes adaptacións da normativa vixente.

O Real decreto 831/2003, do 27 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns da educación secundaria obrigatoria (BOE do 3 de xullo), determina no punto 1 do seu artigo 18 que os itinerarios formativos e os programas de iniciación profesional conducirán ó título de graduado en educación secundaria obrigatoria, no que constará a nota media da etapa. De acordo co Real decreto 827/2003, este precepto será de aplicación obrigatoria a partir do ano académico 2005-2006.

Tal como se establece no apartado 3º do artigo 3 da Orde ministerial 1923/2003, do 8 de xullo, as cualificacións na educación secundaria obrigatoria deberanse expresar numericamente, o que será de obrigado cumprimento a partir do ano académico 2004-2005.

Non obstante, estímase conveniente a súa anticipación ó presente curso escolar co propósito de facilita-la incorporación da nota media da etapa no correspondente título a partir do ano académico 2005-2006.

En consecuencia, e en virtude do punto 1 da disposición adicional terceira da Orde ministerial 1923/2003, do 8 de xullo, esta consellería

### DISPÓN:

Artigo único.-Amplíase a Orde do 25 de agosto de 2003 pola que se dictan instrucións para a aplicación na educación secundaria obrigatoria do establecido na disposición adicional primeira do Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, engadíndose as seguintes disposicións:

«Artigo 6º.-Expresión dos resultados das avaliacións.

1. Os resultados das avaliacións das aprendizaxes do alumnado irán acompañadas dunha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de cero a dez, aplicándose as seguintes correspondencias:

Insuficiente: 0, 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

2. Nos diferentes documentos oficiais de avaliación rexistráranse as cualificacións expresadas tanto cualitativamente como cuantitativamente, agás nas actas de avaliación, nas que só se expresarán cuantitativamente.

Disposición transitoria terceira.-Cualificación de educación plástica e visual no caso do alumnado de segundo curso no ano escolar 2003-2004.

Debido ás dificultades que pode implica-la expresión numérica da cualificación da área de primeiro curso de educación plástica e visual no caso do alumnado que seguira esas ensinanzas no ano escolar 2002-2003, ou anteriores, e que no actual ano escolar 2003-2004 será avaliado de segundo curso, exceptúase do disposto no artigo 6º a expresión desa cualificación para ese caso, polo que se deberá consignar nos documentos oficiais de avaliación só cualitativamente».

#### *Disposición derradeira*

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2003.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

## **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO**

*Orde do 28 de novembro de 2003 pola que se convoca o II Premio Galicia Innovación Júnior.*

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, dá resposta á necesidade de adecua-lo noso sistema educativo a unha sociedade en acelerado proceso de modernización, con continuos cambios culturais, tecnolóxicos e productivos, que camiña cara a un horizonte común para Europa.

O desenvolvemento científico e tecnolóxico é un dos factores de maior influencia na configuración do mundo contemporáneo. Nesta liña, a Consellería de Innovación, Industria e Comercio, a través da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento e da Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial, está a impulsar actividades median-te as que se intenta divulgar e facilita-la comprensión do que significa este desenvolvemento.

Entre estas actuacións e dentro do Programa de Sensibilización Social do Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 14 de marzo de 2002, a Consellería de Innovación, Industria e Comercio convocou e entregou por primeira vez no ano 2002 un premio orientado ós mozos galegos co fin de fomenta-lo espírito creativo coa súa capacidade innovadora.

En consecuencia co anteriormente exposto e co fin de continuar con esta actuación, esta consellería,

### *DISPÓN:*

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócase a segunda edición do Premio Galicia Innovación Júnior, para os mozos e mozas galegos de entre 14 e 18 anos de idade. Este premio está destinado a estimula-lo espírito creativo e a capacidade innovadora, valorando especialmente a aplicación de coñecementos adquiridos polos participantes na súa vida académica. Serán criterios de selección, a maiores, a orixinalidade das propostas, a súa utilidade e as posibilidades reais de levalas á práctica.

Artigo 2º.-Dotación.

Haberá un primeiro e un segundo premio, dotados o primeiro cun ordenador portátil e unha conexión a Internet vía ADSL por un ano, e o segundo cun ordenador portátil. A maiores, concederanse 15 accésits consistentes nunha conexión a Internet vía ADSL por un ano. Por outra parte, os centros educativos nos que estean matriculados os gañadores do primeiro e do segundo premio recibirán un ordenador con conexión gratuíta a Internet por un ano, sempre que se acredite que o alumno foi asistido polo equipo docente do centro na elaboración da súa proposta. Os gastos relativos ás accións desta convocatoria, que ascenden a un máximo 14.400 €, imputaranse ás aplicacións orzamentarias 08.03.432 A.770.0 (6.600 euros para a adquisición dos equipos) e 08.05.432A.480.0 cofinanciada con fondos FSE da Unión Europea (7.800 euros para as liñas ADSL), dos orzamentos da Consellería de Innovación, Industria e Comercio para o ano 2004.

Artigo 3º.-Requisitos.

Poderán participar nesta convocatoria tódolos rapaces e rapazas galegos ou residentes en Galicia de idades comprendidas entre os 14 e os 18 anos. Serán admitidas tamén as solicitudes presentadas por alumnos matriculados no último curso de secundaria que teñan cumpridos os 19 anos no momento do peche da convocatoria, que só poderán participar se acreditan estar recibindo docencia nun centro da Comunidade Autónoma galega. Admitiranse un máximo de dúas propostas por participante.

Artigo 4º.-Presentación de solicitudes.

As solicitudes no modelo oficial PSS-06 que se publica como anexo á presente orde e que está á